

**TORRENT i ALAMANY-LENZEN, Aina e URÍA FERNÁNDEZ, Lucía (2020): *Spanisch-deutsches Wörterbuch der Redewendungen*. Hamburgo: Buske. ISBN 978-3-87548-965-1; 1629 páxs.<sup>1 2</sup>**



O panorama editorial de dicionarios fraseolóxicos bilingües alemán-español é, en comparación con outros pares de linguas, bastante limitado. En ambas direccións, alemán-español e español-alemán, citaremos o *Diccionario fraseológico Español y Alemán* (2009), de Susanne Nedwed e Carlos Romeu Nedwed, de reducido volume e sen exemplos de uso, e o *Phraseologisches Wörterbuch Spanish und Deutsch. Diccionario fraseológico español y alemán* (2020), de Justo Fernández López ([www.hispanoteca.eu](http://www.hispanoteca.eu)), dicionario en liña que conta cun macrocorpus de 420 000 entradas<sup>3</sup>. Na dirección alemán-español, mencionaremos a obra *Kein Blatt vor den Mund nehmen / No tener pelos en la lengua. Diccionario fraseológico alemán-español / Phraseologisches Wörterbuch Deutsch-Spanisch* (2010), de Beni Balzer, Consuelo Moreno, Rosa Piñel, Margit Raders e M. Luisa Schilling, así como a *Idiomatik Deutsch-Spanisch* (2013), de Hans Schemann, Carmen Mellado, Patricia Buján, Nely Iglesias, Juan Pablo Larreta e Ana Mansilla, obra realizada baixo a miña dirección. Este último dicionario, publicado na editorial Buske (Hamburgo), pode considerarse, polo seu volume, as linguas tratadas e o formato de edición, unha obra de consulta complementaria á que nesta recensión nos ocupa: o dicionario *Spanisch-deutsches Wörterbuch der Redewendungen* (2020).

<sup>1</sup> Tradución ao galego por Alba Quinteiros-Soliño.

<sup>2</sup> Traballo xurdido no marco do proxecto de investigación PID2019-108783RB-I00 *Gramática de Construcciones y Fraseología. Las construcciones fraseológicas del alemán y el español en contraste a través de los corpus*, concedido polo Ministerio de Ciencia e Innovación e dirixido por min dende a Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>3</sup> Mención aparte merece o dicionario de Werner Beinhauer (1978), *Stilistisch-phraseologisches Wörterbuch spanisch-deutsch*. Inspirado nunha obra anterior de 1939 (*1000 idiomatische spanische Redensarten: Mit Erklärungen und Beispielen*), este dicionario foi pioneiro no seu momento pola atención prestada á lingua coloquial e polas súas innovadoras solucións traditolóxicas ao español.

O *Spanish-deutsches Wörterbuch der Redewendungen* foi ideado e deseñado dende a Facultade de Tradución e Comunicación Multilingüe da Universidade de Ciencias Aplicadas de Colonia (Alemaña) polas autoras principais, Aina Torrent i Alamany-Lenzen e Lucía Uría Fernández. O proceso de elaboración desta obra, que consta de dous volumes e 1629 páxinas, requiriu das autoras mencionadas e do resto do equipo de 18 tradutores e tradutoras (grupo DEALEE), ademais doutros asesores e colaboradores, un total de 16 anos. Isto danos a pauta da complexidade da empresa, que vén cubrir un baleiro dentro do programa de lexicografía e fraseografía bilingüe español-alemán (o español como lingua fonte e o alemán como lingua meta). As características especiais deste dicionario, orientado dende e cara á tradución, fanno realmente innovador e imprescindible para os aprendices de español como lingua estranxeira. Igualmente, a utilidade da obra é salientable para o eido da Tradutoloxía, tanto na dirección alemán-español como español-alemán. O dicionario, en resumo, está concibido como un dicionario de descodificación de discurso oral e escrito, dirixido non só a un público alemán profesional (tradutores ou intérpretes do español), senón en xeral a todos os nativos de alemán que aprenden español.

O dicionario está estruturado da seguinte maneira:

1. Prólogo a modo de presentación da obra e da súa elaboración.
2. Introducción, coas directrices do dicionario referidas a:
  - 2.1. Dificultades e desafíos aos que se expuxeron as autoras, por exemplo, á hora de consensuar unha forma citativa prototípica.
  - 2.2. Definicións de “locución” e de “idiomaticidade”.
  - 2.3. Características xerais do dicionario. Nel non se inclúen colocacións por non considerarse idiomáticas, pero si refráns sempre que se empreguen de forma reducida (por exemplo, *a falta de pan...*).
  - 2.4. Estrutura dos artigos. Neste apartado, explícanse as decisións adoptadas en canto á forma canónica, rexistro, significados, variantes, selección de exemplos, así como á metodoloxía de tradución utilizada (vid. subapartado seguinte). Especialmente interesantes son os comentarios das autoras en torno a este último punto e a súa visión da norma dende a perspectiva de uso.
  - 2.5. Motivos para unha edición impresa do dicionario.
  - 2.6. Notas sobre a bibliografía.
3. Glosario de termos, dotado dunha explicación teórica dos termos lingüísticos utilizados.
4. Listaxe de abreviaturas.
5. Corpo do dicionario. Consta de 23 000 fraseoloxismos (incluídas as variantes), 11 600 artigos lexicográficos e máis de 13 700 significados.

6. Índice de sinónimos e case-sinónimos a modo de rexistro dos fraseoloxismos citados ao longo do dicionario que manteñen entre si unha relación de sinonimia. Están dispostos na mesma orde ca a das unidades do corpo do dicionario, é dicir, a un lema principal séguenlle os distintos infralemas sinónimos. Esta parte resulta moi útil dende un punto de vista onomasiolóxico, xa que permite identificar os campos conceptuais con tendencia á formación de variantes e á produtividade fraseolóxica.

Con respecto ao índice de sinónimos (páxs. 1535-1627), convén sinalar que o concepto de sinonimia se entende aquí en sentido amplo, abarcando tanto variantes léxicas sinónimas como sinónimos en sentido estrito, isto é, fraseoloxismos que entre si non comparten a imaxe conceptual (cfr. Burger, 2015). Así, por exemplo, figuran como sinónimos (páx. 1541) unidades como *dar betún*, *dar jabón*, *hacer la pelota*, *hacer la rosca*, *pasarle a alg. la mano por el lomo*, *sobarle el lomo a alg.*, *tirar de la levita a alg.*, xunto ao que podería considerarse como variante léxica sinónima *hacer la pelota: hacer la pelotilla*. Igualmente, en *dado el caso* atopamos como sinónimo *llegado el caso* (páx. 1540), que máis ben é, na miña opinión, variante léxica. Así mesmo, en relación coa sinonimia, hai que ter en conta que, como anotan as propias autoras da obra (páx. XVII), moitos dos fraseoloxismos interpretados, polo xeral, como sinónimos non o son en realidade por non seren intercambiables no contexto. Isto débese a miúdo a que posúen imaxes distintas.

O dicionario *Spanisch-deutsches Wörterbuch der Redewendungen* (2020) é, non só polas súas dimensións físicas, senón tamén pola indiscutible calidade das traducións dos fraseoloxismos españois ao alemán, unha obra monumental. Segundo se indica no prólogo por parte das propias autoras, este volume pretende no seu plantexamento ser distinto ao resto das obras lexicográficas bilingües. Certamente, varios son os méritos indiscutibles que o fan especialmente innovador: en primeiro lugar, cabe mencionar a rigorosa metodoloxía empírica baseada no uso que foi implementada tanto na confección do corpus de unidades como na elaboración de definicións e na busca de exemplos en español. Por este motivo, os fraseoloxismos seleccionados nunha primeira fase e que procedían de fontes escritas (dicionarios, novelas, narracións, xornais, páxinas web) e orais (películas, conversacións) foron testados na súa totalidade en corpus lingüísticos, en internet e/ou por medio de informantes nativos do español antes de seren definitivamente incorporados no dicionario. Este procedemento garante a actualidade das unidades do dicionario, é dicir, que forman parte integrante da lingua de hoxe e que están en uso. Por outra parte, tanto as definicións como os exemplos están baseados en textos reais coidadosamente elixidos. Neste proceso, prestóuselle especial atención ao grado de complexidade e representatividade dos textos, tanto dende un punto de vista semántico como sintáctico e comunicativo (cfr. Oliveira da Silva, 2006 e 2007; Mellado Blanco, 2009). Neste sentido, quixera incidir no gran valor dos exemplos do dicionario e no traballo titánico de busca, selección e adecuación por parte do equipo que elaborou o dicionario. As autoras definen os seus exemplos, acertadamente, como o “Motor enes jeden Eintrags” (páx. XI) [“o motor de cada artigo lexicográfico”]. Eles son os que posibilitaron, en non poucos casos, crear e perfilar as definicións, así como atopar as

equivalencias en alemán (cfr. Torrent Lenzen, 2009). Constitúen un material auténtico, tomado de internet (xornais en liña, obras literarias e científicas dixitalizadas, foros, blogs, anuncios publicitarios) e de corpus lingüísticos, e por iso están dotados dun gran valor documental.

Vencellada á busca de material auténtico, a segunda e gran contribución do dicionario é, sen dúbida ningunha, o rexistro de unidades e acepcións que ata agora non aparecían recollidas en ningún outro dicionario, o que o converte nunha verdadeira canteira de novas expresións. A pesar das dificultades que iso conleva, o *Spanisch-deutsches Wörterbuch der Redewendungen* consegue reflectir e fixar moitas voces e significados nunca antes fixados lexicograficamente, pero amplamente coñecidos e de uso común na lingua oral. Desta maneira, as autoras contribúen de maneira destacada á actualización lexicográfica das unidades fraseolóxicas da lingua e dos seus significados, en consonancia cunha moderna e orixinal visión da norma orientada ao rexistro oral. Neste sentido, o uso de corpus responde á orientación pragmática da Lingüística actual e ten como obxectivo principal dar conta da lingua no seu contexto. Consultar esta obra converte ao lector nun explorador da lingua en diálogo coas súas propias intuicións.

Por último, á posible obxección de que o dicionario foi publicado en exclusiva en formato impreso, as autoras replican de xeito convincente na introdución (páx. XXI) coas seguintes palabras: “Ein gedrucktes Wörterbuch erlaubt [...], das gesammelte Material mi wahrsten Sinne des Wortes umfänglich in den Händen zu halten. Dadurch ist es möglich, den lexikographischen Reichtum und die Thematik in einem Gesamtzusammenhang zu zeigen”<sup>4</sup>.

Esperamos que o agardado *Spanisch-deutsches Wörterbuch der Redewendungen* marque o fito que merece e axude a adquirir e afondar os coñecementos sobre fraseoloxía alemá e española de moitas futuras xeracións.

## Referencias bibliográficas

- BALZER, Berit; MORENO, Consuelo; PIÑEL, Rosa; RADERS, Margit e SCHILLING, M. Luisa (2010): *Kein Blatt vor den Mund nehmen. No tener pelos en la lengua. Diccionario fraseológico alemán-español. Phraseologisches Wörterbuch Deutsch-Spanisch*. Madrid: Editorial Idiomas Hueber.
- BEINHAEUER, Werner (1978): *Stilistisch-phraseologisches Wörterbuch spanisch-deutsch*. München: Hueber.
- BURGER, Harald (2015): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.
- CORPAS PASTOR, Gloria (2000): “Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología”, en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Comares, 107-138.

<sup>4</sup> Tradución da autora: “Un dicionario impreso permite [...], en sentido literal, ter nas mans o material no seu conxunto. Isto fai posible amosar a riqueza lexicográfica e a interdependencia dos temas en toda a súa amplitude”.

- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2004/1995): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik*. Tübingen: Narr.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Justo (2020): *Phraseologisches Wörterbuch Spanisch und Deutsch. Diccionario fraseológico español y alemán [recurso en línea]*, en [www.hispanoteca.eu](http://www.hispanoteca.eu).
- JACINTO GARCÍA, Eduardo José (2015a): *Forma y función del diccionario. Hacia una teoría general del ejemplo lexicográfico*. Jaén: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Jaén.
- (2015b): “La información sintagmática en la lexicografía española actual: unidades pluriverbales, ejemplos lexicográficos y otras indicaciones cotextuales”, en *Cuadernos AISPI*, 6, 147-170.
- HAUSMANN, Franz Josef e WERNER, Reinhold (1991): “Spezifische Bauteile und Strukturen zweischprachiger Wörterbücher: eine Übersicht”, en HAUSMANN, Franz Josef; REICHMANN, Oskar; WIEGAND, Herbert Ernst e ZGUSTA, Ladislav (eds.), *Wörterbücher. Dictionaries. Dictionnaires. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie. An International Encyclopedia of Lexicography. Encyclopédie internationale de lexicographie. Tomo III*. Berlín / Nova Iorque: Walter de Gruyter, 2729-2769.
- KOCH, Peter e OESTERREICHER, Wulf (1985): “Sprache der Nähe - Sprache der Distanz. Mündlichkeit und Schriftlichkeit im Spannungsfeld von Sprachtheorie und Sprachgeschichte”, en *Romanistisches Jahrbuch*, 36/85, 15-43.
- MELLADO BLANCO, Carmen (2009): “Utilidad y limitaciones de los corpora informáticos en la elaboración de un tesoro fraseológico (alemán-español)”, en CANTOS GÓMEZ, Pascual e SÁNCHEZ PÉREZ, Aquilino (eds.), *A Survey on Corpus-based Research. Panorama de investigaciones basadas en corpus*. Murcia: Asociación Española de Lingüística de Corpus (AELINCO), 138-151.
- (2015): “Parámetros específicos de equivalencia en las unidades fraseológicas (con ejemplos del español y el alemán)”, en *RFULL - Revista de Filología de la Universidad de La Laguna*, 33, 153-174.
- (2018): “El contorno lexicográfico en Fraseología: naturaleza y ubicación en la microestructura de los diccionarios generales y fraseológicos”, en MOGORRÓN HUERTA, Pedro e ALBALADEJO-MARTÍNEZ, Juan Antonio (eds.), *Fraseología, diatopía y traducción. Phraseology, Diatopic Variation and Translation (colección IVITRA Research in Linguistic and Literature 17)*. Amsterdam: John Benjamins, 72-93.
- (2020): “La desautomatización desde el prisma de la Gramática de Construcciones: un nuevo paradigma de la variabilidad fraseológica”, en *Nasledje*, 45 (anexo electrónico 2020), 17-34.
- NEDWED, Susanne e ROMEU NEDWED, Carlos (2009): *Diccionario fraseológico Español y Alemán. Phraseologisches Lexikon Deutsch und Spanisch*. Barcelona: Ediciones del Serbal.
- NIDA, Eugene (1964): *Toward a Science of Translation with Special Reference to Principles and Procedures involved in Bible Translation*. Londres: Leiden.

- OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, M. Eugênia (2006): “Los ejemplos en el tratamiento lexicográfico de las unidades fraseológicas”, en ALONSO, Margarita (ed.), *Diccionarios y Fraseología*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 235-248.
- (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Frankfurt a.M.: Peter Lang.
- RODRÍGUEZ, Carlos J. (2000): “Entrevista a Manuel Seco Reymundo. El diccionario que no se renueva está condenado al olvido”, en *Espéculo. Revista de estudios literarios*; [http://www.ucm.es/info/especulo/numero14/m\\_seco.html](http://www.ucm.es/info/especulo/numero14/m_seco.html).
- SCHEMANN, Hans; MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely; LARRETA, Juan Pablo e MANSILLA, Ana (2013): *Idiomatik Deutsch-Spanisch*. Hamburgo: Buske.
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino e DOMÍNGUEZ, Carlos (2018): *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (2.<sup>a</sup> ed.). Madrid: JdeJ Editores.
- TORRENT-LENZEN, Aina (2007): “El Diccionario español-alemán de fraseologismos idiomáticos de Colonia: un proyecto en curso”, en *Estudis Romànics*, 29, 279-289.
- (2008): “El proyecto diccionario español-alemán de fraseologismos idiomáticos de Colonia: una presentación”, en *El diccionario como puente entre las lenguas y culturas del mundo. Actas del II Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. Alacante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 857-863
- (2009): “Internet: Reto y revolución. Las definiciones de las locuciones en los diccionarios y su verdadero significado fraseológico”, en ROISS, Silvia; FORTEA GIL, Carlos; RECIA ARIZA, M. Ángeles; SANTANA LÓPEZ, Belén; ZIMMERMANN, Petra e HOLL, Iris (eds.), *En las vertientes de la traducción e interpretación del/al alemán*. Berlín: Frank und Timme, 534-547.
- (2012): “Los conceptos relativos a la equivalencia traductora en el campo de la fraseología: revisión crítica y propuestas”, en VAN LAWICK, Heike e JURKU, Brigitte (eds.), *Performanz & Translation*. Berlín: Lit Verlag, 273-286.
- WOTJAK, Gerd (1983): “En torno a la traducción de unidades fraseológicas (con ejemplos tomados del español y el alemán)”, en *Linguistische Arbeitsberichte*, 56-80.

Carmen Mellado Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

<https://orcid.org/0000-0001-7121-2412>